Federación Galega de Natación

(FEGAN)

Guía de estilo

Índice

1. Introdución....2
2. Aspectos formais....2
2.1. Tipo de letra, interliñado, xustificación....2
2.1.1. Introdución....2
2.1.2. Fontes....2
Open-Sans....2
Open-Sans Condensada....2
Inconsolata....2
2.1.3. Estilos de parágrafo....2
Corpo de texto....2
Título de documento....3
Título 1....3
Título 2....3
Título 3....3
Título 4....3
Título de formulario....4
Título de táboa....4
Texto de táboa....4
Cabeceira (título)....4
Cabeceira (texto)....4
Cadro resumo....4
Énfase....4
Citas....5
2.2. Denominación dos ficheiros....5
2.3. Páxina....5
2.3.1. Marxes....5
2.3.2. Cabeceira....5
2.3.3. Rodapé....5
3. Normas de estilo e redacción....5
3.1. Denominación....5
3.2. Nomes das competicións....5
3.3. Sedes de competicións....6
3.4. Nomes das probas de natación....6
3.5. Uso das maiúsculas....6
3.5.1. Nomes das competicións....6
3.5.2. Títulos deportivos....6
3.5.3. Clubes deportivos....6
3.5.4. Enderezos electrónicos....7
3.6. Uso da minúsculas....7
3.7. Números....7
As distancias das probas escribiranse con algarismos (cifras) , non separándose por espazo fixo (teclas Control+Maiúsculas+Espazo). Exemplo: A travesía terá unha distancia de 5000 m cun percorrido en forma triangular....7
3.8. Horas....7
3.9. Tempadas....7
3.10. Denominación dos estilos de natación....7
3.11. Denominación das categorías....7
3.12. Denominación das idades....7
3.13. Abreviaturas....8

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

3.13.1. Xerais....8
3.13.2. Táboa de abreviaturas comúns....8
4. Bibliografía....9

1. Introdución

Con carácter xeral, para o non disposto nesta mini guía de estilo, empregarase a *Manual de estilo do Diario Oficial de Galicia e outras publicacións institucionais* que está no enderezo: http://wikidog.xunta.es

2. Aspectos formais

2.1. Tipo de letra, interliñado, xustificación...

2.1.1. Introdución

As fontes teñen características que as diferencian unhas das outras. As tipografías de tipo “serif” son aquelas tipografías cuxas letras se apoian como con unha especie de pé mentres que as de tipo “sans serif” carecen de este detalle.

Outra característica das fontes é o ancho, o cal pode ser fixo ou variable. Nas fontes de tipo fixo vai ocupar o mesmo ancho un “i” que un “o”.

```
Este é un exemplo de texto con ancho fixo.
```

2.1.2. Fontes

As versións achadas son ttf (true type font), otf (open type font) e a web, poida que algunha fonte teña algunha versión máis a cal se descoñece no momento de redacción da presente guía de estilo.

Todas as fontes referidas son de uso libre e gratuíto.

Empregaranse as seguintes fontes:

Open-Sans

Úsase para títulos e o texto en xeral. Posúe as seguintes versións:

- ttf -> http://www.fontsquirrel.com/fonts/open-sans
- web -> https://www.google.com/fonts/specimen/Open+Sans

Open-Sans Condensada

Empregase para os informes de resultados

https://www.google.com/fonts/specimen/Open+Sans+Condensed

Inconsolata

Tipo monoespacio, úsase para textos que requiran esta característica. Posúe as seguintes versións:

- otf -> http://www.fontsquirrel.com/fonts/Inconsolata
- ttf -> https://www.google.com/fonts#UsePlace:use/Collection:Inconsolata
- web ->https://www.google.com/fonts/specimen/Inconsolata

2.1.3. Estilos de parágrafo

En canto aos niveis de títulos non se aconsella un número superior ao de tres niveis polo que o título 4 e superiores, no caso de ser usados, serano a criterio do redactor. O título do documento non se conta.

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

De seguido preséntanse as características dos estilos configurados no modelo de documento electrónico.

Corpo de texto

Este é o tipo que se empregará con carácter xeral na redacción dos documentos.

- Fonte: Open sans
- Tamaño: 10 puntos.
- Espazo antes de parágrafo: 0,2 cm
- Espazo despois do parágrafo: 0 cm
- Espazo entre liñas: simple
- Aliñamento: xustificado

Título de documento

Vai ao comezo do documento. Ten como base o tipo corpo de texto e cambia:

- Fonte: Open Sans
- Tamaño: 200%
- Aliñamento: centrado
- Versais
- Maiúscula inicial en cada palabra
- Cor: azul
- Espazo antes de parágrafo: 0 cm
- Espazo despois do parágrafo: 0,5 cm

Título 1

Título principal de cada unhas da alíneas do documento. Ten como base o tipo corpo de texto e cambia:

- Familia: Open Sans
- Estilo: Normal
- Tamaño: 150%
- Espazo antes de parágrafo 1,0 cm.
- Cor: azul

Título 2

- Familia: Open Sans
- Estilo: Normal
- Tamaño: 125%
- Espazo antes de parágrafo 0,40 cm.
- Cor: azul

Título 3

- Familia: Open Sans
- Estilo: Normal

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

- Tamaño: 120%
- Espazo antes de parágrafo 0,30 cm.

Título 4

- Familia: Open Sans
- Estilo: Grosa
- Tamaño: 100%
- Espazo antes de parágrafo 0,20 cm.

Título de impreso

Baseado en título de táboa. Vai dentro da táboa nunha única columna.

- Aliñamento: centrado
- Maiúsculas
- Cor: azul
- Tipografía: normal
- Espazo antes de parágrafo: 0,25 cm
- Espazo despois do parágrafo: 0,25 cm
- Tamaño: 120%

Título de táboa

- Tipografía: grosa
- Tamaño: 100%

Texto de táboa

- Tamaño: 100%

Cabeceira (título)

- Tamaño: 90%
- Maiúscula inicial en cada palabra, esta maiúscula vai en tamaño 100%
- Cor: azul 6

Cabeceira (texto)

- Tamaño: 80%
- Cor: negro

Cadro resumo

	Familia	Estilo	Tamaño	Aliñamento	Espazo antes do parágrafo	Espazo despois do paragrafo	Espazo entre liñas	Outros
Predet.	Open Sans	Normal	10		0	0	Simple	
Corpo	Open Sans	Normal	100%		0,20	0	Simple	
Título	Open Sans	Grosa	200%	Centrado	0,50	0	Simple	
Título 1	Open Sans	Normal	150%	Esquerda	0,50	0	Simple	Cor Azul
Título 2	Open Sans	Normal	125%	Esquerda	0,40	0	Simple	Cor Azul

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

Título 3	Open Sans	Normal	120%	Esquerda	0,30	0	Simple	Cor Azul
Título 4	Open Sans	Grosa	100%	Esquerda	0,20	0	Simple	
Tit. Táboa	Open Sans	Grosa	100%	Centrado	0	0	Simple	
Cont. Táboa	Open Sans	Normal	100%	Centrado	0	0	Simple	
Largura Fixa	inconsolata	Normal	100%				Simple	

Énfase

Este estilo emprégase dentro dun parágrafo e serve para dar énfase a unha parte do mesmo. Na medida do posible, tratarase se non abusar desde estilo de carácter, e consistirá en por a grosa letra da parte que queira dar énfase. Exemplo: «A **zona de concentración** para os adestradores e delegados dos clubes participantes será o espazo reservado a tal fin **no peirao**.».

Citas

Estas irán entre vírgulas latinas e en cursiva. Exemplo: *«Isto é unha cita».*

2.2. Denominación dos ficheiros

Os ficheiros denominaranse con letras minúsculas sen caracteres acentuados mudando os espazos por guións baixos, isto evita problemas no intercambio dos mesmos entre diferentes persoas.

Para o caso da ñ, recoméndase o uso de n.

2.3. Páxina

2.3.1. Marxes

As marxes serán de 1,5 cm nos catro lados.

2.3.2. Cabeceira

Na parte superior esquerda irá o logotipo da FEGAN seguido do logotipo da Fundación Deporte Galego e na superior dereita o nome e enderezo, igual que neste documento.

2.3.3. Rodapé

Nel irá o número de páxina e a conta de páxinas (exemplo: Páxina 6 de 7). O texto irá centrado.

3. Normas de estilo e redacción

3.1. Denominación da Federación Galega de Natación

A denominación habitual da federación é: Federación Galega de Natación.

Habitualmente emprégase o acrónimo FEGAN. Proponse tamén a forma FEGÁN (con acento).

3.2. Nomes das competicións

O método para compoñer os títulos/nomes das competicións será o seguinte:

1. Tipo de evento: Campionato, Trofeo...
2. Ámbito: Internacional, Nacional, Galego (territorial), Rexional, Zonal, Local, España, Galicia...
3. Modalidade: Natación, Wáter-Polo, Artística

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

4. Categorías: Absoluta, Júnior, Cadete...
5. Título: Nome que se lle queira dar
6. Estación: Inverno, primavera, verán, outono.

Exemplos:

Tipo	Ámbito	Modalidade	Categorías	Estación	Outros
Campionato	Galego	de Natación	Absoluto e Júnior	de Verán	
Liga	Galega	de Artística	Infantil		Xornada 1
Campionato	Galego	de Longa Distancia			
Copa	Galega	de Wáter-Polo	Cadete		
Trofeo		de Natación			FEGAN
Trofeo		de Wáter-Polo			FEGAN
Festival	Galego		Máster		Aberto

3.3. Xornadas e sesións

No caso de competicións con máis dunha sesión nomearanse as distintas sesións indicando previamente a xornada. As sesións terán numeración consecutiva. Por exemplo:

Xornada 1 - Sesión 1

Xornada 1 - Sesión 2

Xornada 2 - Sesión 3

...

No caso de empregar unha táboa cada columna representará unha xornada mentres que nas filas irán as sesións. As filas manterán consistencia referida a que nunha mesma fila non se mesturarán sesións de maña con sesións de tarde por exemplo.

Xornada 1 - Sesión 1	**Xornada 2 - Sesión 3**	**Xornada 3 - Sesión 5**
Aquí as probas da sesión	Aquí as probas da sesión	Aquí as probas da sesión
Xornada 1 - Sesión 2	**Xornada 2 - Sesión 4**	**Xornada 3 - Sesión 6**
Aquí as probas da sesión	Aquí as probas da sesión	Aquí as probas da sesión

No caso dunha competición de 5 sesións na que a primeira é de tarde a táboa representaríase do seguinte xeito:

	Xornada 2 - Sesión 2	**Xornada 3 - Sesión 4**
	Aquí as probas da sesión	Aquí as probas da sesión
Xornada 1 - Sesión 1	**Xornada 2 - Sesión 3**	**Xornada 3 - Sesión 5**
Aquí as probas da sesión	Aquí as probas da sesión	Aquí as probas da sesión

3.4. Sedes de competicións

Empregarase o nome da instalación, por exemplo: Rías do Sur, Os Remedios, Santa Isabel, Bergantiños

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

En caso de que a instalación non teña un nome empregarase o nome do concello: Ponteareas...

3.5. Nomes das probas de natación

Non se empregará o punto nas abreviaturas. Cando a descrición da proba inclúa una idade esta expresarase co número de anos seguido da abreviatura «A» en maiúscula. As palabras comezarán por maiúscula.

Exemplos:

1. 400 m Libre Mas. Alev.

2. 200 m Bolboreta Feminino Júnior

3. 100 m Estilos Masculino 12 A

3.6. Uso das maiúsculas

3.6.1. Nomes das competicións

Escríbense con maiúscula inicial en todos os substantivos e adxectivos os campionatos e competicións deportivas, certames e concursos:

- Campionato Galego de Natación Absoluto de Inverno
- Liga Galega de Natación Infantil
- Copa de España de Natación
- Xogos Olímpicos de Atenas

3.6.2. Títulos deportivos

Escríbense con minúsculas os títulos deportivos acadados:

O Club Natación XXX proclamouse campión galego absoluto.

A nadadora XXXX proclamouse campioa de España de natación na proba de 400 libre.

O Club Wáter-polo XXX foi camión do Campionato Galego de Natación Júnior de Inverno.

O Club Wáter-polo XXX foi camión da Copa Galega de Natación Júnior de Inverno.

3.6.3. Clubes deportivos

Neste caso séguese a seguinte norma da guía de estilo do área de Normalización Lingüística de Vigo:

«Nomes de colectivos.

Escríbense con maiúscula todos os substantivos e adxectivos que forman parte dos nomes de grupos literarios e artísticos, agrupacións, clubs e equipos deportivos»

Exemplo: *Clube Natación Monforte de Lemos, Clube Natación Salnés...*

3.6.4. Enderezos electrónicos

Os enderezos electrónicos e de acceso a páxinas web irán en minúsculas, independentemente do lugar da frase en que se sitúen. Exemplo: *www.fegan.org*

3.7. Uso da minúsculas

Os nomes de ficheiros irán en minúsculas, os espazos serán substituídos por guión baixo.

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

3.8. Números

As distancias das probas escribiranse con algarismos (cifras) , non separándose por espazo fixo (teclas Control+Maiúsculas+Espazo). Exemplo: A travesía terá unha distancia de 5000 m cun percorrido en forma triangular.

3.9. Horas

Para as horas, expresión de horarios, empregarase como separador os dous puntos tal como indica a Norma ISO 8601:1988-6. Neste caso non é correcto utilizar os símbolos das magnitudes de tempo; se se quere abreviar, elíxese simplemente o nome da unidade.

Exemplos: *O campionato comeza ás 17:30. O campionato comeza ás 17:30 horas.*

3.10. Tempadas

As tempadas cítanse coas catro cifras do primeiro ano e, só as dúas últimas do segundo, separadas por barra «/» ou guión medio «-».

Exemplo: *O Campionato Galego de Natación Absoluto de Inverno da tempada 2016/17 celebrouse en decembro.*

As tempadas teñen unha duración dun ano, collendo parte dun ano e parte do outro por iso o segundo ano se marca só cos dous últimos díxitos. No caso de querer especificar un período bianual que colle dous anos enteiros empregaríase 2016-2017.

3.11. Denominación dos estilos de natación

Os estilos denominaranse do seguinte xeito: libre (ollo non usar «libres»), crol, costas, braza, estilos e bolboreta.

3.12. Símbolos e códigos

3.12.1. Xeneralidades

Cada categoría ten seu código, o cal se representa cun símbolo de máximo 4 caracteres, estes códigos sempre van en maiúsculas.

No caso de categorías de tipo idade o símbolo represéntase co valor numérico da idade seguido de espazo e un «A» (anos), por exemplo: 9 A, 10 A, 11 A, 12 A...

3.12.2. Táboa de símbolos comúns

Estamentos

Termo	**Símbolo**
estamento deportista	DEPOR
estamento máster	MASTE
categoría absoluta	ABSO
categoría absoluta mozo	ABSM
categoría sub 20	SB20
categoría sénior	SENI
categoría xuvenil	XUVE

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

categoría júnior	JUNI
categoría cadete	CADE
categoría infantil	INFA
categoría alevín	ALEV
mellor marca galega	MMG
mellor marca española	MME
récord galego	RG
récord español	RE
récord de campionato	RC

3.13. Abreviaturas

3.13.1. Xeneralidades

Os criterios xerais para as abreviaturas serán:

- As abreviaturas van acompañadas de punto final tal como recolle a normativa ortográfica.
- Os símbolos non levan punto, un símbolo é por exemplo m (metro), h (hora), min (minutos), s (segundos)...
- Os sexos abrévianse tomando os 3 primeiros caracteres.
- As clasificacións abrévianse tomando os 3 primeiros caracteres.
- Os estilos de natación abrévianse tomando os 3 primeiros caracteres.
- Tanto a natación artística como a natación máster poderán denominarse artística e máster respectivamente sen o apelido «natación» nos contextos nos que se sobreentenda que se está a falar de natación.

3.13.2. Táboa de abreviaturas comúns

Termo	**Abreviatura**
augas abertas	aua.
campionato	cto.
conxunta	con.
definitivo	def.
España	Esp.
feminino	fem.
galego	gal.
longa distancia	lon.
masculino	mas.
mixto	mix.
natación	nat. (N. para nomes de clubes)

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

natación máster	mast.
natación sincronizada	sin. (S. para nomes de clubes)
natación artística	art.
provisorio*	prov.
total	tot.
trofeo	trof.
wáter-polo	wat. (W. para nomes de clubes)
xornada	xor.
sesión	ses.
libre (estilo)	lib.
costas (estilo)	cos
braza (estilo)	bra.
bolboreta (estilo)	bol.

*Ollo! non usar preliminar como sinónimo de provisorio. Preliminar ten outro significado, ven a ser como actos/accións preparatorias de algo.

3.14. Nome dos ficheiros

Os nomes dos ficheiros irán en minúsculas, sen acentos substituíndo espazos por guión baixo. Sen caracteres especiais como parénteses, símbolo de primeiro/a, chaves...

Cando comecen por data, a data irá co formato AAAAMMDD_ por ex.: «20260227_informe_fftt_alev.pdf».

3.14.1. Nome do ficheiro de resultados de proba

Para pórlle un nome a unha proba de resultados empregarase a seguinte fórmula:

orde con dous díxitos_distancia da proba_estilo cun díxito_sexo con tres díxitos_idade ou categoría.pdf

Orde: a orde especificarase de dous díxitos: 01, 02, 03, 04... isto facilitará que os documentos estean sempre ordenados por orde xa que se comezamos por 1, 2... pode que o sistema ordene o 10 antes que o 2.

Distancia: a distancia será o valor numérico da distancia que se debe percorrer: 25, 50, 100, 200, 400, 800, 1500, 3000...

Número de participantes: cando a proba é de remudas empregase o caracter «x» seguido do número de compoñentes, en espazo no medio.

Estilo: o carácter para representar os estilos será: «l» libre, «e» costas («espalda»), «b» braza, «m» bolboreta («mariposa») e «s» estilos. A letra que representa o estilo irá pegada á distancia.

Sexo: o sexo vai a continuación do estilo separado cun guión baixo e indícase poñendo os tres primeiros caracteres: «mas» para masculino, «fem» para feminino, «mix» para probas míxtas.

Categoría: cando na competición participa máis dunha categoría indícase a categoría. Faise poñendo o símbolo da categoría en minúsculas.

Idade: cando na competición participa máis dunha idade ou categoría, a idade indícase co número de idade seguido dunha "a" sen espazo.

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org

Exemplos:

1 categoría	só categorías	categorías e idades	2 categorías/idades
01_100e_mas.pdf	10_4x50m_mas_alev.pdf	21_200e_fem_10a.pdf	03_25l_mas_juni_abso.pdf
02_100e_fem.pdf	11_4x50m_fem_alev.pdf	22_100l_mas_11a.pdf	04_25l_mas_10a_9a.pdf
03_200l_mas.pdf	12_4x50m_mas_benx.pdf	23_100l_fem_11a.pdf	05_25m_fem_infa_16a.pdf

4. Bibliografía

1. Traballo xornalístico na Universidade de Vigo: Pautas para un correcto uso da linguaxe. 2009. Área de Normalización Lingüística. Universidade de Vigo
2. Criterios para o uso da lingua. 2012. Goretti Sanmartín Rei et al. Universidade da Coruña.
3. Normas de estilo e redacción da web da Xunta de Galicia. http://wikidog.xunta.es/index.php/Normas_de_estilo_e_redacción
4. ISO 8601. https://es.wikipedia.org/wiki/ISO_8601#Horas_del_d.C3.ADa
5. https://wikidog.xunta.gal/index.php/Escrita_dos_n%C3%BAmeros#Horas

Avenida de Glasgow, 13 | 15008 - A Coruña | Tel. 981 174377
www.fegan.org - info@fegan.org